



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica – A Coruña
Teléfono 981183969 – Fax 981183679
Email coruna@cigtelefonica.com
www.cigtelefonica.com

Pleno do Comité Nº 5 - 26 de outubro de 2007

1.- Actas: Apróbase a acta do Comité Extraordinario Nº 1 (Folga en Residencial).

2.- Comisións: Non houbo CPSS dende o último pleno e de seguido pásanse a tratar os nomeamentos da RRTT nas Comisións Provinciais de Formación e de Horas Extras. Dende a CIG indicamos que a Comisión de Horas Extras non está recollida na Normativa, entendemos que debe ser na Comisión de Xestión onde se traten a Horas Extras polo tanto rexeitamos este nomeamento e pedimos que se aclare en que puntos da NL aparece este órgano. O presidente indica que fará unha consulta e máis adiante se tratara de novo o tema. Faise votación para os representantes no Comité de Formación e saen elixidos os presentados por UGT (J.M. Escariz) e CCOO (V.L. Blanco Gato) cos votos a favor dos dous sindicatos e a abstención do resto.

3.- Normas para librar en Comercial Negocios e Profesionais: Despois dun amplo debate chégase o consenso de incidir nas normas que varían do anterior acordo a este novo, este tema será tratado en Comisión de Xestión. Pensamos que é fundamental recoller a opinión dos traballadores para buscar un texto que satisfaga a todas as partes, do mesmo xeito intentaremos que se aclaren as porcentaxes que poden librar nos dous grupos de traballo.

4.- Proposta para nomear de novo ós membros do Comité Provincial de Seguridade e Saúde. AST entende que se debe aplicar o criterio de proporcionalidade que agora se incumpre, o presidente indica que consultará si este criterio debe ser cumprido tal e como pide AST, tratarase o tema en outro pleno. A postura da CIG, apoiada por todos excepto CCOO e UGT, e darlle cabida a todas as forzas sindicais dandolle entrada ós 6 sindicatos, isto é un membro de cada forza sindical.

5.- Seguridade en Espiño: STC presenta unha Proposta de Resolución sobre a seguridade en Espiño, hai un amplo debate no que se insiste en que hai moitas máis deficiencias en outros edificios e non nos deberíamos centrar só en Espiño tal e como indica a proposta. Finalmente STC retira a proposta quedando o compromiso por parte do Comité de facer un seguimento das deficiencias detectadas e da súa reparación en tódolos edificios, este seguimento tamén será realizado no CPSS.

6.- Contrata da Central de Conxo: Punto presentado pola CIG para tratar a externalización de actividade que supón a introdución da contrata que realiza funcións de CGP para o Sergas, tendo en conta ademais que en Santiago existía o grupo de CGP de atención a Xunta, chegase ó acordo de pedirlle á empresa tratar este tema nunha Comisión de Xestión.

7.- Varios:

- O Presidente informa das consultas realizadas ó Comité Intercentros sobre xustificantes de gastos de viaxe e sobre as novas actividades en O+M Cx, este punto será tratado nunha próxima Comisión de Xestión.
- Proposta de Resolución sobre as últimas actuacións de Armando Fidalgo (Xefe de Seguridade), é unha proposta que ven do Comité de Lugo e apróbase por unanimidade rexeitando as accións levadas a cabo por parte de este responsable.
- Proposta de Resolución sobre unha sanción a un compañeiro do Comité de empresa de Barcelona, apróbase por unanimidade rexeitar esta sanción e darlle o apoio ó compañeiro sancionado dende o Comité de A Coruña.